Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 28 DE OUTUBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 28 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 206

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Proceso selectivo persoal funcionario por concurso-oposición promoción interna A2 escala administración xeral subescala xestión

ANUNCIO

Mediante resolución de alcaldía do 22 de outubro de 2026, resolveuse aprobar a a listaxe definitiva admitidos/as e excluídos/as, tribunal e data da realización dos exercicios para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal funcionario, Administración Xeral,grupo A2, Subescala Xestión, polo sistema se selección de concurso- oposición, por promoción interna:

ASUNTO:PROCESO SELECTIVO PERSOAL FUNCIONARIO POR CONCURSO-OPOSICIÓN PROMOCIÓN INTERNA A2 ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL SUBESCALA XESTIÓN

EXPEDIENTE: 2026/E001/000001 - 2026/G003/000710

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-Mediante resolución da Alcaldía número 126/2026 aprobouse a Oferta de Emprego Público para o ano 2026 e foi publicada no 2026 publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña número 57 do día 26 de marzo de 2026.

SEGUNDO.-Por Resolución de Alcaldía núm. 384/2026 do 10 de xullo de 2026 acordouse aprobar e convocar o proceso selectivo para a provisión en propiedade por promoción interna dunha dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira vacante no Concello de Abegondo e as bases da dita convocatoria.

TERCEIRO.-No *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 134 do 17 de xullo de 2026 aparecen publicadas as bases reguladoras do proceso selectivo de persoal funcionario de carreira por concurso-oposición por promoción interna grupo A2 escala Administración Xeral, Subescala Xestión e denominación xefe/a de servizo de administración xeral.

CUARTO.-No Diario Oficial de Galicia núm. 134, de 17 de xullo de 2026 publicouse un extracto da do proceso de selección de persoal funcionario, mediante sistema de concurso-oposición, para o acceso á praza vacante de Xestión de Administración Xeral, pertencente á escala de Administración Xeral, subescala Xestión e clase Media, polo sistema de concurso-oposición, nun turno de promoción interna.

QUINTO.- No Boletín Oficial do Estado núm. 202, do 18 de agosto de 2026 publicouse a Resolución de 11 de agosto de 2026, do Concello de Abegondo do proceso de selección de persoal funcionario, mediante sistema de concurso-oposición, para o acceso á praza vacante de Administración Xeral, subescala Xestión e clase Media, polo sistema de concurso-oposición , sendo o prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte a da publicación de dita Resolución.

SEXTO.-Logo da publicidade oportuna expirou o prazo de presentación de solicitudes.

SÉTIMO.-Por Resolución de Alcaldía núm.558/2026 do 22 de setembro de 2026,acordouse aprobar e listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo e foi publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 185 do 28 de setembro de 2026 e Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica .

OITAVO.-Transcorrido o prazo de 10 días hábiles para presentar reclamacións ou subsanacións non consta a presentación de ningunha alegación por parte dos aspirantes

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que debe Axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.
- Os artigos 130 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

Número de anuncio 2026/6891

- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91 e 100 a 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Os artigos 51 e 53 da Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.-De acordo co establecido na base quinta das Bases reguladoras da convocatoria para a cobertura en propiedade por concurso- oposición, por promoción interna, dunha (1) praza de persoal funcionario, grupo A2 de Xestión, cando se regula a admisión de aspirantes: "Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sr. Alcalde-Presidente, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Abegondo, https://sede.abegondo.gal.

Se houbera aspirantes excluídos, indicarase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dez (10) días para os efectos da presentación de reclamacións. As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a lista definitiva, a cal se publicará do mesmo xeito que a provisional.

Se non houbera reclamacións contra a lista provisional, quedará elevada de xeito automático a definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Nesta resolución definitiva figurará a composición do tribunal e a data do comezo do procedemento selectivo. Posteriormente o alcalde declarará aprobada a relación definitiva de admitidos e excluídos, publicaranse no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Abegondo https://sede.abegondo.gal.

Entre a publicación desta listaxe definitiva e a data de celebración do primeiro exame transcorrerán alomenos dez (10) días. Os sucesivos anuncios, agás disposición en contrario, publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica https://sede.abegondo.gal.

SEGUNDO.-De acordo co establecido na base sétima das Bases reguladoras da convocatoria para a cobertura en propiedade por concurso- oposición, por promoción interna, dunha (1) praza de persoal funcionario, grupo A2 de Xestión "Como normas xerais no desenvolvemento do proceso selectivo, establécense as seguintes:

a. As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, agás casos de forza maior, debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal. Os exercicios poderán ser realizados na mesma xornada, un a continuación do outro, se así o considera o Tribunal "

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais. Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Elevar a definitiva a listaxe provisional admitidos/as e excluídos/as para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal funcionario, Administración Xeral,grupo A2, Subescala Xestión, polo sistema se selección de concurso-oposición, por promoción interna, xa que non se presentaron alegacións.

ADMITIDOS/AS

Nº	Nome e Apelidos	D.N.I	Núm. Rexistro
1	GIMÉNEZ CARRO, ANA BELÉN	***0325**	202600000002747

EXCLUÍDOS/AS

Non hai

SEGUNDO.-Proceder ao nomeamento do Tribunal Cualificador que xulgará dito proceso selectivo o cal estará composto polos seguintes membros:

Presidente titular: Daniel Pereiro Cachaza. Funcionario do Concello de Betanzos

Presidenta suplente: Gema Vázquez Vázquez, Funcionaria do Concello de Culleredo

1º Vogal titular: Luis Díaz Díaz. Funcionario do Concello de Abegondo

1º Vogal suplente: Pablo Rodriguez Fernandez, Funcionario do Concello de Betanzos

Número de anuncio 2026/6891

2º Vogal titular: Yolanda Gonzalez Rodriguez, Funcionario do Concello de Betanzos

2º Vogal suplente: Belén Menéndez Ares, Funcionaria do Concello de Abegondo

3º Vogal titular: Elena Encinas Pena. Funcionaria do Concello de Betanzos

3º Vogal suplente: Diego Fortes González, Funcionario do Concello de Betanzos

Secretario: Adrián J. Márquez Caramés. Funcionario do Concello de Betanzos

Secretaria suplente: Iago Manuel Bermejo Varga,Funcionario do Concello de Abegondo

TERCEIRO- A constitución do Tribunal terá lugar o día 28/10/2026 ás 11:00 horas en sesión telemática.

CUARTO.- Convocar as persoas aspirantes para dar inicio a fase da oposición e a realización dos exercicios que terá lugar o día 11 de novembro de 2026, ás 11:00 horas na Casa do concello de Abegondo, debendo presentar os aspirantes a documentación identificativa (DNI)

QUINTO.- Publicar a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as na sede electrónica deste Concello.

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aprova o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Abegondo, 22 de outubro de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2026/6891

Número de anuncio 2026/6891